

## PARA LER



## «Compostela no cinema»

**Yolanda López López**

Guiverny-Consorcio de Santiago

326 páxinas. 24 euros

### MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ

A sementeira comezouna *Filmografía galega, longametraxes de ficción* (Ángel Luis Hueso e José María Folgar de la Calle, Centro Ramón Piñeiro, 1998) e anos despois tocouse a min coordinar *Rodado en Galicia* (Consorcio Audiovisual de Galicia, 2005, 2007). Con eles fulxía Galicia como plató de cine, aspecto apenas afrontado pola historiografía. En ambos volumes, rechamaba Santiago como marco ambiental para dúcias de producións audiovisuais das que a doutora en Historia da Arte Yolanda López López fai unha escolma en *Compostela no cinema. Apuntamentos da cidade no século XXI* (Guiverny, Consorcio de Santiago). O proxecto, como recolle no prólogo, comezou a xerminar despois de ver unhas tomas na rodaxe en 1985 de *Los pazos de Ulloa* (Gonzalo Suárez) e decatarse de que «os edificios e rúas que formaban parte da paisaxe diaria da miña cidade, podían reinterpretarse e reinventarse nunha pantalla», para rematar convidando ao lector «a pasear pola Compostela recreada en pantalla, de cinema e televisión, durante os últimos vinte anos».

Escolle once filmes para a cerna do libro, con tres bloques analíticos que afrontan o vínculo compostelán coas imaxes ficcionadas, desde a literatura (*O lapis do carpinteiro*, 2003; *Trece badaladas*, 2003; *Doentes*, 2011); a tradición xacobeá e o Camiño (*Galatasaray-Dépor*, 2005; *Tres en el camino*, 2004; *The Way*, 2010; *O apóstolo*, 2012), para rematar na cidade transitada (*18 comidas*, 2010; *A noite que deixou de chover*, 2008; *Encallados*, 2013; *Dos fragmentos/Eva*, 2009). Reforzada a análise con entrevistas aos autores, sumados a outros capítulos onde a vontade divulgadora e o ton ensaístico mestúranse coa intención última de «diferenciar clichés e afianzar o coñecemento do noso patrimonio, da historia de rúas e prazas, das tramas e personaxes da cidade». Unha obra referencial e modélica.